

**TEXTO:**

Para debido coñecemento e difusión a tódolos interesados, envíase información referente a:

VºBº:  




## CAMPIONATO GALEGO DE WUSHU - MODALIDADE TAOLU

- **LUGAR:** Pavillón da Facultade de Ciencias do Deporte. Avda. Che Guevara, 121. 15179 Oleiros (A Coruña).
- **DATA:** Sábado, 17 de febreiro de 2024
- **ACREDITACIÓN E PESADA (HORARIO):** De 12:00h. a 13:30h.
- **COMPETICIÓN (HORARIO):** 16:00h
- **PARTICIPANTES:** Deportistas federados do Departamento Galego de Wushu
- **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:**
  - DNI orixinal.
  - Tarxeta ou carné de graos RFEJYDA (mínimo azul).
  - Autorización titores (menores de idade).
  - Consentimento para o tratamento de datos e imaxes (maiores de idade).
- **INSCRICIÓN:** remitir o formulario de inscrición **DEBIDAMENTE CUBERTO**, seguindo as instrucións que se indican no propio documento antes do día 12 de febreiro de 2024 ás 20h ás seguintes direccións de correo electrónico:
  - [datos@fgjudo.com](mailto:datos@fgjudo.com)
  - [galiciawushu@fgjudo.com](mailto:galiciawushu@fgjudo.com)
- **COMPETIDORES:** poderán participar nun máximo de 3 probas en moderno e 2 en tradicional. Cada competidor de moderno só poderá participar en dúas categorías individuais e en unha en grupo, como máximo ou viceversa.
- **VESTIMENTA:** específico da modalidade ou traxe negro de Wushu.
- **APARTADOS:**

### A) WUSHU MODERNO INDIVIDUAL (CATEGORÍAS):

- A1. **CADETE** de 12 a 14 anos a 1 de xaneiro de 2024:
  - Só poderán participar en modalidades individuais.
  - Só poderán participar os 3 primeiros clasificados de cada provincia.
  - Clasificatorio para o Campionato de España.
  - FORMAS INTERNACIONÁIS DE 1ª XERACIÓN, as dúas primeiras partes: Chanquan, Nanquan, Daoshu, Jianshu, Gunshu, Qiangshu, Nangun, Nandao e Taijiquan (non se puntúa nandu).
  - Marcar na folla de inscrición cun X as modalidades nas que se participa, dúas máximo.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – [www.fgjudo.com](http://www.fgjudo.com) [datos@fgjudo.com](mailto:datos@fgjudo.com)

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331  
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758

- Tempo mínimo de execución 50" e tempo máximo 1'e 5".
- Para a realización de calquera destas modalidades, é preciso que se inscriban un mínimo de catro participantes na modalidade.
- **A2. JÚNIOR** de 15 a 17 anos a 1 de xaneiro de 2024:
  - Só poderán participar en modalidades individuais.
  - Só poderán participar os 3 primeiros clasificados de cada provincia.
  - Clasificatorio para o Campionato de España.
  - FORMAS INTERNACIONAIS DE 1ª, 2ª ou 3ª XERACIÓN, as tres primeiras partes: Chanquan, Nanquan, Daoshu, Jianshu, Gunshu, Qiangshu, Nangun, Nandao e Taijiquan.
  - Marcar na folla de inscrición cun X as modalidades nas que se participa, dúas máximo.
  - Tempo mínimo de execución 1'10" e tempo máximo 1'e 25".
  - Para a realización de calquera destas modalidades, é preciso que se inscriban un mínimo de catro participantes na modalidade.
- **A3. SÉNIOR** máis de 18 anos a 1 de xaneiro de 2024:
  - Só poderán participar en modalidades individuais..
  - FORMAS DE COMPETICIÓN ESTÁNDAR OU LIBRES
  - Marcar na folla de inscrición cun X as modalidades nas que se participa, dúas máximo.
  - Tempo mínimo de execución 1'20".
  - Para a realización de calquera destas modalidades, é preciso que se inscriban un mínimo de catro participantes na modalidade.

## **B) WUSHU TRADICIONAL E CONTEMPORÁNEO ABSOLUTO:**

A partir de 14 anos pódese competir nas modalidades de Tradicional Individual.

### **1. FORMAS TRADICIONAIS:**

- Clasificatorio para o Campionato de España de Wushu Tradicional.
- Na folla de inscrición de cada categoría deberá seleccionarse a modalidade na que se participa, indicando o estilo que se presenta para as formas de MAN VACÍA ou ben a ARMA, nas formas de armas; para duilian deberase indicar o equipo ao que pertence o competidor.
- MODALIDADES: Puño de Norte, Puño de Sur, Arma Longa, Arma curta, Armas Articuladas e Dobres, Formas de Estilos Internos e Armas de Estilos Internos. Na modalidade de Taiji non haberá límite de idade.
- LÍMITE DE CATEGORÍAS: máximo dúas categorías individuais.
- TEMPO DE EXECUCIÓN: non inferior a 50". En Tai Chi de 2' a 4'

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – [www.fgjudo.com](http://www.fgjudo.com) [datos@fgjudo.com](mailto:datos@fgjudo.com)

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e Inscrita no Rexistro de Clubs e Federacions da Xunta de Galicia nº 331  
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758

- VESTIMENTA: traxe específico da modalidade ou traxe negro de Wushu.
- REGULAMENTO: normas EWUF. Penalizarase se os xuíces observan cambios nas Formas Tradicionáis e descalificarase ao competidor se a forma non é tradicional.

#### 1.1. MAN VALEIRA:

- CATEGORÍA A. Estilos Internos: Xingyi, Bagua, Baji
- CATEGORÍA B. Estilos de Tiaji: Yang, Cheng
- CATEGORÍA C. Tongbei, Pigua, Fanzi
- CATEGORÍA D. Estilos de Imitación: Ditang, Houquan, Zuiquan, etc.
- CATEGORÍA E. Estilos Militares Norte: Zhaquan, Huaquan, Paoquan, Hongquan, Huaquan, Shaolinqan
- CATEGORÍA F. Estilos Militares Sur: Hung Gar, Choy Lee Fut
- CATEGORÍA G. DUILIAN


#### 1.2. ARMAS:

- CATEGORÍA A. Armas Curtas.
- CATEGORÍA B. Armas Longas.
- CATEGORÍA C. Armas Articuladas e Armas Dobres.
- CATEGORÍA D. Armas Internas.
- CATEGORÍA E. Duilian

## 2. FORMAS DO PROGRAMA DE GRAOS:

- NON Clasificadorio para o Campionato de España.
- Marcar na folla de inscrición cun X as modalidades nas que se participa, se non se ofrecen opcións, ou ben escollendo a opción adecuada cando sí se ofrecen (formas de armas).
- Para a realización de calquera destas modalidades, é preciso que se inscriban un mínimo de catro participantes na modalidade.

O Dtor. Dpto. Wu-Shu



Asdo. José Manuel Ferreira Colmenero